

Somos asmáticos, e que?



María Jesús Chacón Huertas
Carmen Ramos

Este libro realizouse grazas ao patrocinio de GSK coa
colaboración de Cátedra Respira Vida da UAM



© 2020

Autora: María Jesús Chacón Huertas
Ilustración: Carmen Ramos

<http://www.weeblebooks.com>
info@weeblebooks.com

Madrid, España, Xullo 2020

Código: NP-ES-ASU-OGM-200008 (v3) 07/2020

A efectos de transparencia, informámoslle que GSK colaborou no financiamento da presente publicación. O seu contido reflicte as opinións, criterios, conclusións e/ou achados propios dos autores, os cales poden non coincidir necesariamente cos de GSK. GSK recomenda sempre a utilización dos seus produtos de acordo coa ficha técnica aprobada polas autoridades sanitarias.

Co reconocimiento e/ou aval social de:



Para todos os mozos que se atreven a cuestionar os seus límites.

A asma é unha patoloxía que actualmente afecta a uns 235 millóns de persoas en todo o mundo, sendo esta a enfermidade crónica máis común entre a poboación infantil.

Na asma infantil, do mesmo xeito no que afecta aos adultos, as vías respiratorias e os pulmóns inflámanse facilmente ao estar expostos a certos desencadeamentos, como inhalar pole ou ter un arrefriado ou outra infección respiratoria. A asma infantil pode causar molestos síntomas diarios que interfieren cos xogos, a práctica de deportes, a escola e o sono dos nenos se non se trata correctamente e é mantida baixo control por profesionais sanitarios.

A práctica do deporte e a asma non son incompatibles. Está comprobado que practicar deporte mellora a resistencia respiratoria e a tolerancia á actividade física en nenos asmáticos.

Máis aló da actividade física, existen outras prácticas que axudan notablemente a controlar a asma: coñecer e evitar os factores que incrementan as crises asmáticas é un factor clave. Seguir as indicacións dos profesionais sanitarios en canto ao tratamento, asegurarse de levar sempre a medicación de rescate e acudir polo menos a unha revisión anual tamén son prácticas indispensables para manter a asma baixa control.

A asma pode controlarse mediante estratexias que axudan a previr y a aliviar os seus síntomas.

E ti, mantés a túa asma baixa control?

Área de Relacións con Pacientes GSK España

—Esperta, fillo, arriba, hora de erguerse!

—Bos días, mamá!

Peguei un chimpo da cama, laveime, puxen o chándal e fun dereitiño a almorzar.

—Prepároche o bocadillo?

—Non, mamá, xa o preparo eu, que me dá tempo!

—Como queiras, Xaime.

—Hoxe só tomarei o leite cun puñado de cereais, vale? Temos a proba de resistencia a primeira hora e non quero ir co estómago cheo.

— Mmm... non era mañá xoves, Xaime?

—É certo! Hoxe tócalle a Alba e é a primeira vez que a fai. Oxalá aguante!

—Claro que o fará! A primeira vez que a fixeches ti levabas menos tempo que ela co tratamento e aguantaches moi ben.





—Bueno... teño moitas ganas de facela, pero... e se me falta o aire e teño que parar? É que estamos na primavera...

—Tranquilo, non tes de que preocuparte. Levas o teu tratamento dun xeito moi rigoroso, todos os días. Apenas che dan crises nin nos adestramentos nin nos partidos, dormes de marabilla polas noites...

—Tes razón, mamá.

—Lembras cando che deu a túa primeira crise e fomos a Urgencias? Tiñas só nove anos... Non sabes o asustada que estaba, Xaime. O que máis me preocupaba era que, fose o que fose, non puideses facer deporte. E mira como estás agora, como se nada!

—Lembro que era o meu segundo partido e como quería que estivédeses orgullosos de min, empecei correndo moito, pero tiven que parar inmediatamente porque me asfixiaba. Fomos correndo ao hospital. Xa levaba varias semanas mal, pero non vos dixera nada.



—Xa, xa... E aínda por riba o único que nos preguntaches polo camiño era se poderías seguir xogando ao fútbol. Dixémosche que si, sen saber se sería verdade. Despois, cando a médico nos comunicou que o máis seguro era que tiveses asma, pero que seguindo o teu tratamento poderías facer todo o deporte do mundo, os tres quedamos moito máis tranquilos.


—Eu tamén estaba moi asustado ese día, mamá; pero agora que me afixen, tampouco é para tanto.

— Uff... como pasa o tempo. Si, Xaime, é certo, lévalo xenial.

—Ves? Non tes por que lle ter medo á primavera. Sei que vas mellorar a túa marca, xa verás —dixo a miña nai, mentres miraba o reloxo e collía a chaqueta apresuradamente—. Marcho, fáiseme tarde!

A miña nai despediuse e marchou a traballar.





Imaxino que te preguntará por que teño tanta gana de que chegue mañá. Pois porque me gustaría mellorar a marca que fixen o ano pasado no test de resistencia dos doce minutos. E esta vez non o teño tan fácil, porque co pole da primavera poida que me dea unha crise.

Como di a miña nai, estou facendo todo o que me di o meu médico, así que ten razón, non tería por que preocuparme. Agora xa vou á consulta só unha vez ao ano para a revisión.

Por certo! Por se non te dabas de conta, ademais de ser un tolo do fútbol, o meu outro hobby é escribir. Encántame escribir! E, adiviña... sabes que é o mellor? Que son zurdo, o único da miña clase! Encántame ser zurdo!

A miña amiga Alba di que de maior seguro que serei escritor porque, segundo ela, escribo moi ben. O que aínda non sabe é que empecei a escribir a nosa historia, a ver cando atopo o momento de dicirullo! Mentres tanto, seguirei escribindo...



O meu pai sempre me dixo que nacín cunha pelota entre as miñas mans porque xamais saía de casa coas mans baleiras. Desde pequeno, os meus amigos viñan xogar á miña rúa porque a eles non lles deixaban xogar na súa. E é que na miña urbanización non está colgado ese cartel que di: «Prohibido xogar á pelota». Seguro que os meus pais compraron este piso só por iso, para que eu puidese xogar.

Lembro que aínda que me gustaba xogar a todo, ao final sempre acababa xogando ao fútbol. Aínda así, os meus pais negábanse a apuntarme a ningún equipo. Tentaban convencerme de que fixese calquera outro deporte. Non paraban de dicirme que o fútbol estaba moi visto. Eu non entendía o que me querían dicir co de «visto». Claro que está visto, pensaba, a todos encántanos velo!





—Escoita, Xaime, e se te apuntas a balonmán ou voleibol, por exemplo? Tamén hai equipos no colexio e, ao ser menos xogadores, xogarás máis —dicíame o meu pai, pensando que así me convencería.

—Que non, papá, que eu quero xogar ao fútbol!

E así, unha e outra vez ata o seguinte intento. Mentres tanto, eu non me daba por vencido. Durante o curso o meu pai non me deixaba ver os partidos con el porque os botaban moi tarde, pero cando chegaban as vacacións si que me deixaba, aínda que empezasen ás dez da noite. E iso encantábame!

De súpeto, un día, como por encantamento, cambiaron de opinión. Faltaba só unha semana para que empezase o colexio. Ao principio, cando me chamaron, asusteime un pouco porque cando me chaman papá e mamá á vez, case seguro que é para rifarme.

—Si, que pasa? —pregunteilles mentres me sentaba apoiando o pé sobre a pelota.

—Nada. Ten, Xaime, é para ti. A túa nai e mais eu pensámolo mellor. Ábreo con coidado.

—Pero... se non é o meu aniversario! Que é isto?

— Aaah? Ábreo! —contestou mamá.

Desenvolvín aquel agasallo tan raro rompendo moi amodiño o papel por mil sitios. Saquei un vale con forma de pelota, que dicía:

“Vale por unha inscrición ao equipo de fútbol do colexio”

— Guaaaau! Para min? De verdade? Iuju, grazas! Sodes os mellores pais do mundo!



mpecei cuarto de primaria con tanta ilusión que me cría maior só por xogar no equipo do colexio. Case todos os meus amigos tamén se apuntaron. E digo case todos porque Alba, que é a miña mellor amiga e tamén lle encanta o fútbol, non se apuntou. Entón non sabía que lle pasaba. Díciame que non lle pasaba nada, só que se cansaba enseguida e non podía correr.

Adestrabamos tres días á semana. O adestrador díxonos que os primeiros días probaríamos a xogar en todas as posicións e logo decidiría onde xogariamos cada un. A min a que máis me gustaba de todas era a de dianteiro, así que cando me tocou xogar desde esa posición, esforceime moito máis por facelo ben. Encantábame escapar correndo e meter gol coa miña zurda máxica.





Lembro que o día que o adestrador nos comunicou a nosa aliñación aínda quedaban tres posicións por asignar cando me tocou a min. Estaba tan nervioso que pechei con forza os ollos, crucei os dedos das mans e creo que ata as dedas dos pés, ha, ha, ha. Pensaba que así diría iso que eu estaba desexando oír:

—E ti, Xaime... está claro que che apaixonas o fútbol. Xogas bastante ben en todas as posicións, pero destacas, sobre todo, nunha delas. Corres como unha lebre e a túa zurda mete uns goles... que te converteron nun dos dianteiros do equipo! Parabéns!



Abrín os ollos cheos de alegría cando dixo «... e a túa zurda mete uns goles». E ata dei uns chimpos coa emoción cando escoitei que sería dianteiro.

—Ben, conseguino!

Xogador profesional. Corría cada vez máis rápido e non había partido no que non metese gol. Pasábaseme o tempo superrápido, non podía crer que levase xa dous meses adestrando. Pero como di a miña nai que todo non pode ser perfecto, pois iso, a partir de entón empezaron os problemas.

Non sabía que me pasaba, pero xa non rendía tanto nos adestramentos porque me cansaba enseguida. Nin podía correr durante moito tempo nin tampouco moi rápido. Non respiraba ben, notaba como que me faltaba o aire. Dábanme ataques de tose e, ao final, tiña que parar porque se non, asfixiábame.

Non dixeran nada na casa porque pensaba que me pasaría. Cría que se llelo contaba aos meus pais, quitaríanme do equipo. Así que disimulei como puiden nos adestramentos; pero, ao non correr como ao principio, tamén deixei de meter goles.





—Xaime, pásache algo, estás ben?

—Si, si, adestrador, estou ben. Só que estou canso, esta noite non durmín ben

—contestáballe coa respiración entrecortada e evitando miralo.

Esa fin de semana tocaba partido no colexio e, claro, os meus pais víñanme. Vin ao adestrador falar con eles e supuxen que lles estaba contando algo de min. Tentei esquecerlo para concentrarme no partido. Quería que estivesen orgullosos de min. Desexaba con todas as miñas forzas xogar ben, correr como antes e meter gol. Pero... non puido ser.

Empezou o partido e corrín a tope uns dez minutos ou así. Tiven que baixar o ritmo porque me asfixiaba. Faltábame o aire e notaba como uns asubíos no peito. De lonxe vía a cara de pánico dos meus pais ao verme así. Non podía máis. Detívenme. O adestrador fixo o cambio inmediatamente, e marchamos rapidamente para o hospital.

—Tranquilo, Xaime, respira. Un, dous, tres... Veña, outra vez, respira. Un, dous, tres...

A miña nai sentou comigo na parte de atrás do coche para tranquilizarme. Eu seguía case sen poder respirar.

—Xa chegamos, un, dous, tres... Pero desde cando che pasa isto? Por que non nolo contaches, Xaime? Non, non, non respondas agora, falaremos máis tarde. Contounos Ricardo que xa levas unhas dúas semanas así.

— Po... derei se... guir xo... gan... do ao fút... bol?

—Claro que si, Xaime! —contestoume o meu pai.





Cando chegamos, o meu pai colleume no colo para que eu non dese nin un só paso. Tivemos sorte porque como me viron tan mal chamáronnos ao instante. Enseguida me puxeron un non sei que con osíxeno. Non lembro canto tempo estiven con esa máscara pegada á miña cara. O que si recuerdo é a sensación de alivio que sentín ao deixar de oír, pouco a pouco, eses horribles asubíos que saían do meu corpo, e ao volver a respirar como antes.

« Uff, xa non estou tan malo, menos mal que me curei!» pensei.

De lonxe oín como a médica lles dicía aos meus pais:

—Non hai por que alarmarse. Xaime tivo unha crise moi forte. Parece asma. A semana que vén debes ir ao seu médico. Mandaranlle facer unhas probas para saber por que ten estas crises. En canto llo diagnostiquen, co tratamento adecuado poderá facer vida normal.


A miña nai, que pensaba que eu non a oiría, preguntoulle en voz baixa:


—Vida normal, seguro? Mire que o meu neno é moi deportista. E encántalle xogar ao fútbol!

—A asma e o deporte son compatibles, señora. É máis, o deporte axudarlle a mellorar a súa resistencia respiratoria. Non se preocupe! Poderá xogar ao fútbol e a todo o que el queira.

Vendo a cara da miña nai, non sei se entendeu moi ben o primeiro que lle dixo. Iso si, en canto lle asegurou que podería seguir xogando ao fútbol, relaxouse e volveu ter a súa cara de sempre.

Cando me recuperei de todo, marchamos para a casa sen moita conversación. O meu pai díxonos que el tamén viría á consulta connosco.





Pasei o resto da fin de semana tranquilo na casa. Os meus amigos alegráronse moito de verme o luns en clase. Conteilles o rápido que me curara a médica, e cando me preguntaron se podería seguir xogando ao fútbol, contesteilles case convencido:

—Claro! A médica díxome que co tratamento poderei xogar e facer deporte coma sempre.

Tal e como nos dixeran no hospital, a médica mandoume facer as probas da asma e esa das picadas no brazo para saber a que lle tiña alerxia. Cando volvemos ao día seguinte, co brazo aínda cheo dos pequenos puntiños inflamados, explicounos:

—Xaime, ven, senta aquí comigo.

—Que me pasa, doutora?



Lembro que me remexeu o pelo con agarimo mentres nos tranquilizaba aos meus pais e mais a min co seu sorriso.

—A ver, Xaime, cóntoche. Entre outras cousas, tes alerxia ao pole. A que antes me contaches que cando eras pequeno ías co teu avó ás oliveiras, e que a última vez tiveches que marchar porque che picaban moito a gorxa e o nariz?

—Si, doutora, e non paraba de esbirrar, a que si, papá?

—Si, si, fillo.

—Pois iso, Xaime, é porque es alérxico ao pole. Esta é a causa dos teus esbirros e do proído de gorxa e nariz.


Entendido! E.. como son alérxico, se corro moito poida que me quede sen aire para respirar?




O que che pasa, Jaime, é que ademais de ser alérxico ao pole, tamén tes asma.

—Xa, o que dixo a médica! Pero iso que significa? —pregunteille.

—Ser asmático, hoxe en día, é algo moi normal, Xaime. Fíxate se é normal que hai máis de trescentos millóns de asmáticos por todo o mundo. O malo é que a asma é unha enfermidade crónica; é dicir, que estará contigo toda a túa vida. Iso si, tamén haberá veces que te atoparás tan ben que crerás que non a tes.





Entón a médica virou a pantalla do seu computador, abriu o cartafol onde poñía «Asma» e ensinounos algunhas fotos.

—Vedes? Fixádevos nestes pulmóns. Os da esquerda son os dunha persoa normal. Os da dereita son os dunha persoa asmática. A que están inflamados? E a que as vías respiratorias son máis estreitas? Son tan estreitiñas que non pode pasar ben o aire, por iso se produce ese afogamento. Que por que se inflaman? Pois a unhas persoas, como a ti, Xaime, debido ao pole; a outras, polo po, o fume ou outras substancias que hai no aire... Incluso outras persoas teñen asma porque o seu propio corpo é o que produce esa inflamación.

O problema é que non hai só un tipo de asma, senón que hai moitos. E a nosa misión, Xaime, é detectar que tipo de asma tedes cada un para así darvos o tratamento adecuado que vos axude a vivir como se non a tivésedes, explícome?



—Bueno, máis ou menos —contestei pensativo.

— Mmm... explicareicho mellor cun exemplo. Imaxínate que necesitas roupa e vas de compras. Dime, elixes unha camiseta grande ou unha pequena?

—Pois... a que me estea ben, ou... ás veces, un pouquiño grande para que me sirva ao ano seguinte, a que si?

—Este rapaz, que ocorrencias! —dixo a miña nai un pouco avergoñada.

—Claro que si, pequeno, eu tamén facía o mesmo que ti! —exclamou chiscándome un ollo. E logo continuou:


—Pois a asma é algo parecido ao da roupa, Xaime. Igual que cada persoa compra a roupa segundo o seu corpo, pois cada persoa asmática necesita un tratamento distinto que se adapte ao seu tipo de asma. Digamos que somos como unha especie de xastres que vos temos que facer un traxe a medida, entendes?

—Si, si, que guai! E... vaimos facer xa o traxe?

— Ha, ha, ha! Si, si, digamos que xa empecei. Irei vendo cada tres semanas e así me irás contando como vas, vale?

En canto a médica se asegurou de que o entenderamos, volveu colocar ben a pantalla e continuou explicándonos.


—Mirade, vedes estas fotos? Son dispositivos de inhalación.





A meu médico sacou un dispositivo do seu caixón e explicoume detalladamente o que tiña que facer. Eu mirábao sen quitarlle o ollo de enriba. Despois pasoumo e ensinoume como utilizalo.

—Xa verás que fácil che resulta usalo. Algo importante: non te esquezas nunca de tomalo.



Estou segura de que o vas facer moi ben,
pequeno.

Para min, ese día foi moi importante porque
empecei a entender que é o que lle pasa aos
meus pulmóns para que eu sexa asmático.

Desde entón ía á consulta cada tres semanas. Utilizáaa tan ben que non tivera ningunha crise.

A doutora volveume repasar todos os pasos para asegurarse que o estaba facendo todo ben e preguntoume:

—Que pasa, Xaime? Seguro que o tes claro?

—Si. O que pasa é que ata agora non lles dixen aos compañeiros porque me dá vergonza que se rían de min...

—Xa sabes que Xa sabes que a asma é unha patoloxía moi frecuente, non só nos adultos, senón tamén nos nenos coma ti, e se se rín de ti, dílles: «Si, son asmático, e que?».

—Vale —respondinlle, xa máis tranquilo.





Varias semanas despois desa consulta, os meus amigos e mais eu quedaramos para xogar un partido á hora do recreo. Naquel momento decidín que o mellor sería contarlle ao profe de mates, antes de entrar, que era asmático.

—Seino, Xaime. O outro día tivemos unha xornada moi interesante na que, entre outras cousas, nos informaron sobre a asma e sobre os alumnos asmáticos que temos. E sodes moitos!

—Vale.

E, chiscándome un ollo, meteuse na aula.

Chegou a hora do recreo, estaba un pouco nervioso. De súpeto, achegáronse Pablo e Marcos.

—Jaime, dixéronnos que tiñas asma. Non sabemos moi ben o que é... pero significa que deixarás de xogar ao fútbol?

Nese momento lembrei o que me dixerá o doutor, e, mirándoos á cara, respondín:

—Si, son asmático, e que?

Non pasa nada Jaime, só queremos saber se o que tes é grave.

—Tranquilos, podo seguir xogando ao fútbol e marcarei os goles que faga falta para ser os campións de liga. Se sigo as recomendacións do meu médico, podo facer vida normal.

Entón empezamos a xogar e podía correr de marabilla, sen afofarme e ata metín dous goles. Os meus amigos felicítáronme polo ben que xogara e eu estaba moi pero que moi contento. Cando rematou o recreo, vin que Alba me estaba esperando para subir xuntos.





—Que ben xogaches, Xaime! Que envexa!

—Grazas, Alba. Vinte mirando todo o tempo. Por que non xogas connosco?

—Pois iso che quería contar, aínda que me dá vergoña...

—O que...? Non te entendo, Alba, es a miña amiga. Cántamo rápido que temos clase.

—Pois que eu tamén son asmática, Xaime. Diagnosticáronmo antes que a ti. Pero eu non podo correr nin facer deporte coma ti...

—De verdade? Agora o entendo! Pero... e iso?

—Non quero dicir a ninguén que teño asma porque non quero que se rían de min. Ademais, como durmo tan mal polas noites, ao día seguinte non teño forzas para nada.

—Pois a min xa non me dá vergoña, Alba. Si, somos asmáticos, ¿e que? Se dormes mal polas noites é porque o pixama che vai grande ou pequeno... ha, ha, ha!

— Eeh... pero que dis? —preguntou Alba sen entender nada.

— Ja, ja, ja! Quere dicir que algo vai mal, logo cho explico, agora vou a clase. Espérame á saída e cóntocho de camiño a casa, vale?

—¡Vale, hasta luego!



Lembro que ese día Alba e mais eu chegamos un pouco tarde a casa porque estivemos falando moito tempo. Eu, como xa lle contara algunha vez algo sobre as miñas conversacións coa miña médica, centreime, sobre todo, no do pixama. E logo, como ela nunca me falara da súa asma, empezou a contarmo detalladamente.

—É que cando me dixeron que era para toda a vida, asusteime moito. E pensaba que se non usou o inhalador, non me pasaría nada. O único malo sería que non podería facer deporte. E por iso, ao principio, non me tomei en serio o do inhalador. Agora creo que si que estou facendo ben o meu tratamento, pero aínda así sigo durmindo mal polas noites e estou cansa todo o día... non sei.

—Sabes que, Alba? Creo que deberías contarlle ao teu médico todo o que me acabas de contar a min. É moi importante que sexas sincera con el. Así non podes seguir... non ves que a túa asma che controla a ti?

—Xa, pode, pero...

—Pero que? En canto teñas o teu traxe a medida, serás ti a que controle á túa asma e entón poderás facer deporte sen problema.

—Oxalá! Tes razón, quizais non o estea facendo ben.

Desde ese día Alba e mais eu falabamos case todos os días da nosa asma. O mellor de todo é que como empezou a ir cada dúas semanas á consulta, á terceira consulta o seu médico xa conseguira facerlle o seu pixama a medida e, por fin, empezou a durmir ben.

—Agora si que me atopo ben e con ganas de facer de todo.

—Que ben, Alba! Ves? Xa podes xogar ao fútbol, eh?

Estaba tan contenta que apenas me deixaba falar.



—Ah, e xa non me dá vergoña dicir que son asmática! Antes poñía escusas en clase de Educación Física e poñíame enferma para non correr e non facer a proba de resistencia, que... por certo, tócame o mércores que vén. Uff, doce minutos correndo! Non sei se poderei, ti cando a tes?

—Claro que poderás! Eu, un día despois ca ti. A ver que tal...

—Pois ti ben, xa a fixeches varias veces e aguantaches ben. Esta será a miña primeira vez.

—Xa... pero para min esta é máis difícil porque coa primavera e o pole...

—Ala, é verdade, esquecérao, ti encima es alérxico ao pole!





Cando a miña nai marchou, preparei o meu bocadillo de xamón e saín da casa pensando no importante que era o día de hoxe para Alba. Se conseguía correr os doce minutos era sinal de que, por fin, estaba aprendendo a vivir coa súa asma. Sabía que a tiña despois do recreo, así que me acheguei a desexarlle sorte.

—Pero se ti es asmática, cres que vas aguantar? Non podes correr!

—Si, son asmática, e que? Claro que podo correr!

Sorrín ao oíla dicir a nosa frase e marchei sen dicirlle nada. Ela xa o dicía todo. Quedamos en volver xuntos para casa para que me contase que tal lle fora.

—Non o podo crer, conseguino, Xaime!

— Iuju, parabéns! Ves que ben?

Alba estaba superfeliz. Pasouse todo o camiño contándome os detalles da proba de resistencia. Ata fixo un tempo mellor que a moza que se rira dela. Eu, mentres a escoitaba, disimulaba os meus nervios porque a min tocábame ao día seguinte.

—Esperta, fillo, arriba, é hora de levantarse!

—Bos días, mamá! Hoxe si que me toca a min!

Peguei un chimpo da cama, laveime, puxen o chándal e despois de almorzar só un pouquiño. Collín a pelota e saín da casa repetíndome unha e outra vez:

Ti podes!





E... sabes que pasou ao final? Pois que, ademais de aguantar os doce minutos correndo en plena primavera, mellorei a miña marca en trescentos metros!

Alba veu correndo a felicítarme:

— Guaaau, Xaime, es un monstro, parabéns!

—Grazas, Alba, estou supercontento, conseguímolos!

Alba e mais eu volvemos a casa sen parar de falar sobre como desapareceran os nosos medos sobre a asma e sobre o ben que nos sentiamos agora. Pensei que ese era un bo momento para contarlle o meu segredo.

—Alba, teño algo que contarche... bueno, que ensinarche —díxenlle mentres abría a mochila e sacaba o meu caderno.

Alba colleuno e miroume sorprendida e, antes de que dixese nada, comenteille:

—É un libro sobre nós. Ti tamén saes, eh?

—De verdade? E se o lemos agora?

—Si, somos asmáticos, ¿e que?

FIN



Somos
asmáticos,
e que?

Podes descargar este libro gratuitamente
en español, inglés, catalán, galego e éuscaro
en weeblebooks.com ou
na App WeebleBooks.



www.weeblebooks.com

Co patrocínio de:

